

Guión: **LEWIS TRONDHEIM** e **SERGIO GARCÍA**

Debuxos: **SERGIO GARCÍA**

Cor: **LOLA MORAL**

Tradución: **DAVID GIPPINI**

Encadernado en cartóné. Cómic.

40 páxinas en color. 22x29 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Como facer un cómic". ISBN 978-84-96957-58-9

-Castelán: "Como hacer un cómic". ISBN 978-84-96957-59-6

Prezo: 15 €

## COMO FACER UN CÓMIC

Lewis Trondheim e Sergio García alíanse neste álbum para explicarlles aos lectores as claves da Novena Arte: como construír unha páxina, a composición das viñetas e a súa función narrativa, os tipos de planos, a descomposición do movemento, os criterios para escoller un bo enfoque das esceas, a forma dos 'bocadillos' ou 'globos' a través dos cales se amosan os diálogos entre os personaxes; tamén se expoñen os métodos para expresar sentimentos e emocións a través de onomatopeas e outros elementos gráficos, ou como plasmar o paso do tempo mediante recursos como o flash-back.


O cómic "está moi presente nas librerías, nas bibliotecas e nos currículos escolares, pero son moitos os que se confesan incapaces de comprendelo", apuntan os autores. Para establecer as bases da aprendizaxe, escritura e lectura do xénero, FAKTORÍA K presenta este libro lúdico e didáctico para descubrir a súa traxectoria e animar os seguidores a iniciarse nas súas técnicas e códigos artísticos. Guionista e debuxante aportan a súa experiencia directa e comparten os seus coñecementos sobre o mundo da historieta.

**LEWIS TRONDHEIM** (Fontainebleau, Francia, 1964)

Lewis Trondheim -pseudónimo de Laurent Chabosy- estudou Publicidade e iniciouse no eido da Banda Deseñada a finais dos anos 80, coa edición dun fanzine e posteriormente dunha revista. Nos anos 90 traballou con outros debuxantes no chamado Estudo Nawak; froito dese traballo xurdiu en 1992 a serie protagonizada por Lapinot. A súa traxectoria profesional está vencellada a editoriais como Delcourt, onde publicou unha serie de heroes fantásticos e obras dirixidas ao público infantil-xuvenil. Entre os galardóns que recibiu destacan o Premio Oup de Coeur de Angouleme (1994), o Totem de Banda Deseñada do Salón de Montreal (1996), o Premio á Mellor Serie en Angouleme por "Lapinot" (2005), a Orde de Cabaleiro das Artes e das Letras (2005) e o Gran Premio da Vila de Angouleme (2006).

**SERGIO GARCÍA** (Granada, 1967)

Sergio Sánchez García estudou Artes Gráficas; actualmente é profesor na Facultade de Belas Artes de Granada e imparte conferencias sobre cómic en institutos e institucións de países como Bélxica, Francia, Suíza, Italia, España e Túnez. Traballou para empresas de comunicación, xornais e revistas, medios audiovisuais e editoriais: a revista "Viñetas" e a miniserie "Amura" publicadas por Glenat. A súa traxectoria orientouse cara ao mercado francés; tivo moito éxito no Festival de Illzach polo álbum titulado "Utopía", ao que lle seguiron "Mons olimpos" -segundo tomo de "Geographie Martienne"- e colaboracións con autores como Lewis Trondheim. Tamén destaca pola súa faceta investigadora en torno aos códigos da banda deseñada, os ritmos e a simultaneidade narrativa.



- **Temática:** metodoloxía para aprender a debuxar cómic
- **Idade recomendada:** dende 6 anos
- **Aspectos destacables:** estilo explicativo e didáctico, a modo de 'making off' dunha historieta, con técnicas e exemplos; inclúe dúas páxinas con propostas de exercicios prácticos

